

MEMORIA XUSTIFICATIVA

PARTE II. XUSTIFICACIÓN

CARPETA 01.MX



DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

**PLAN PARCIAL DA AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DO CONCELLO
DE BEGONTE - FASE 1**

CONCELLO DE BEGONTE

OUTUBRO 2024





ÍNDICE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

PARTE II. XUSTIFICACIÓN

1. OBXECTO E OBXECTIVOS DO PLAN PARCIAL	4
1.1. OBXECTO DO PLAN PARCIAL	4
1.2. OBXECTIVOS DO DESENVOLVEMENTO	4
2. XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA, OPORTUNIDADE OU PROCEDENCIA DA FORMULACIÓN DO PP	5
3. DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PLANEAMENTO	5
3.1. DETERMINACIÓN URBANÍSTICAS FIXADAS POLA MP DAS NNSS DE PLANEAMENTO DE BEGONTE, DE AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL	5
3.2. DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PP	8
3.3. REFERENCIAS CATASTRAIS DOS TERREOS AFECTADOS.....	8
4. DESCRICIÓN DA ORDENACIÓN. CUALIFICACIÓN DOS TERREOS. SISTEMA VIARIO.	9
4.1. DESCRICIÓN DA ORDENACIÓN	9
4.2. CRITERIOS CONSIDERADOS PARA A ORDENACIÓN PREVISTA.....	10
5. LIMITES DE SOSTIBILIDADE	12
6. RESERVAS DE SOLO. DOTACIÓN DE CARACTER LOCAL E SISTEMAS XERAIS.....	13
6.1. RESERVAS DE SOLO PARA DOTACIÓN LOCAL DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES E EQUIPAMENTOS PÚBLICOS	13
6.2. DOTACIÓN DE APARCAMENTOS.....	14
6.3. DIMENSÍONS MÍNIMAS VIARIO E APARCAMENTO.....	15
6.4. RESERVA DE ARBOREDO	16
6.5. SISTEMA DE INFRAESTRUTURA DE REDES DE SERVIZOS	17
7. CARACTERÍSTICAS E TRAZADO DAS REDES DE SERVIZO. CONEXIÓN EXTERIORES. 17	
7.1. CONEXIÓN COS VIAIS CIRCUNDANTES	17
7.2. CONEXIÓN EXTERIORES COAS REDES DE SERVIZOS	17
8. XUSTIFICACIÓN DA INTEGRACIÓN DAS MEDIDAS DO IAE.....	19
8.1. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO.....	19
8.2. XUSTIFICACIÓN DA INTEGRACIÓN DAS MEDIDAS DO IAE NO PP	19
9. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS DETERMINACIÓN DAS LEXISLACIÓN URBANÍSTICA, DAS NSP DE BEGONTE, DOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E DA LEXISLACIÓN SECTORIAL CON INCIDENCIA NA ORDENACIÓN	22
9.1. COHERENCIA COS CRITERIOS DE ORDENACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN CONTIDOS NO PLANEAMENTO DO CONCELLO DE BEGONTE.....	22
9.2. COHERENCIA COS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO. ANÁLISE DE COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA COAS D.O.T.....	23
9.2.1. XUSTIFICACIÓN DO AXUSTE DA ORDENACIÓN ÁS DETERMINACIÓN DAS DOT.....	23
9.2.2. ANÁLISE DE COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA (ACE).....	26
9.3. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA DA LSG 29	
9.4. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL DE APLICACIÓN.....	30
9.4.1. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN EN MATERIA DE LINAS ELÉCTRICAS.....	30
9.4.2. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN EN MATERIA DE ESTRADAS	32
9.4.3. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN EN MATERIA DE AUGAS.....	32
10. NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE CONTAMINACIÓN ACÚSTICA	34
11. EXECUCIÓN DO PLAN PARCIAL.....	35
11.1. DELIMITACIÓN DE POLÍGONOS E SISTEMA DE ACTUACIÓN	35



12. PLAN DE ETAPAS	35
13. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS	36
13.1. OBXECTO. NORMATIVA DE APLICACIÓN	36
13.2. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA	37
14. PONDERACIÓN DO IMPACTO DE XÉNERO.....	39



PARTE I. INFORMACIÓN

1. OBXECTO E OBXECTIVOS DO PLAN PARCIAL

1.1. OBXECTO DO PLAN PARCIAL

O obxecto do plan parcial é actuar sobre a fase 1 do sector de solo urbanizable non delimitado S.U. 1.1 da Modificación Puntual das NNSSPP do concello de Begonte para regular a urbanización e edificación, desenvolvendo as NNSSPP mediante a ordenación detallada da fase 1 de acordo co establecido no art. 161.1 do RLSG.

1.2. OBXECTIVOS DO DESENVOLVEMENTO

O obxectivo principal do Plan Parcial é o de constituír a ferramenta urbanística capaz de levar a cabo o desenvolvemento industrial do ámbito, incorporándoo á trama urbana municipal, formada por dous núcleo urbanos e varios asentamentos de carácter rural tradicional.

Dentro deste propósito, defínense os seguintes obxectivos particulares da ordenación detallada:

- Establécese o industrial como uso global, permitíndose aqueles usos permitidos no artigo 73 -Uso industrial das NNSS de Planeamento de Begonte.
- Integración dunha bolsa de solo sen urbanizar na trama urbana municipal a través de conexións viarias de tráfico rodado e peonil.
- A conexión coa estrada LU-P-1611 realizarase seguindo as instruccions que nese sentido estime o organismo titular da vía.
- Creación dunha franxa vexetal que actúa como transición entre o solo industrial e o solo rústico colindante.
- Redefinición da paisaxe urbana na zona de mellor conectividade de Begonte cos concellos limítrofes e próximos, incorporando novos usos.
- Integración dos novos volumes a través de pautas de inserción e composición.
- O Plan parcial resolverá de modo axeitado a conexión das redes de urbanización previstas no sector coas existentes.
- A rede de saneamento conectarase á estación depuradora do propio Concello.
- Establécese unha altura máxima de 11 m. Admítese maior altura no caso en que se xustifique a súa necesidade debido ás características especiais da instalación.
- A edificabilidade máxima do ámbito non poderá exceder a superficie do ámbito, é dicir, $1\text{m}^2/\text{m}^2$. Neste caso aplicarase unha edificabilidade de $0,8\text{m}^2/\text{m}^2$.



2. XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA, OPORTUNIDADE OU PROCEDENCIA DA FORMULACIÓN DO PP

A formulación do Plan Parcial dá continuidade ás determinacións expresadas na Modificación Puntual das NNSS de Begonte, de ampliación do parque empresarial, establecendo unha vocación de uso industrial na zona mellor comunicada do concello, sobre unhas parcelas que a Modificación Puntual xa destinou para tal uso.

A previsión deste desenvolvemento na Modificación puntual das NNSS, enmárcase na preferencia de crecemento deste ámbito fronte a outras áreas, razón pola que foi seleccionado como sector de solo urbanizable.

A formulación actual do planeamento de desenvolvemento abre unha nova oportunidade no sector de actividade, polo que se presenta como unha aportación positiva á estabilidade laboral e ao motor industrial de proximidade no Concello de Begonte.

3. DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PLANEAMENTO

3.1. DETERMINACIÓN URBANÍSTICAS FIXADAS POLA MP DAS NNSS DE PLANEAMENTO DE BEGONTE, DE AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL

O planeamento vixente no Concello constitúeno as "NNSS de Planeamento de Begonte", aprobadas definitivamente con data do 3 de Abril de 1997 e a "Lei 2/2016 do 10 de Febreiro do Solo de Galicia".

A maiores, esta bolsa de solo está dentro da Modificación nº1- Ampliación do parque empresarial de Begonte, aprobada definitivamente en data 29 de xullo de 2.004, tras a Lei 9/2002.


As parcelas incluídas neste plan parcial están calificadas como SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO DE USO INDUSTRIAL.

Segundo a transitoria primeira da Lei 2/2016:

1. *O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor de esta lei e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, conforme as seguintes regras:*
b) Ó solo urbanizable delimitado e non delimitado, aplicárselle íntegramente o disposto no planeamento respectivo.



Imaxe 1. Zonificación da MP nº1 das NNSS de Planeamento do Concello de Begonte.



Superficie total aproximada do solo urbanizable da modificación: 26,41Ha

Superficie mínima actuación: 3Ha

Superficie plan parcial: 5Ha

Ocupación máxima por edificacións: 50% superficie do sector

Determinacións establecidas pola Modificación Puntual das NNSS de planeamento do municipio de Begonte – Ampliación do parque empresarial

A MP das NNSS tiña por obxecto a reclasificación de solo non urbanizable común a solo urbanizable industrial, dos terreos colindantes co actual Parque Empresarial de Begonte.

Respétase o ámbito de solo non urbanizable de protección forestal, coa finalidade de conservar a “Carballeira” que conforma o citado espazo forestal.

Reaxustar as delimitacións establecidas nas Normas Subsidiarias vixentes, para adaptalas á base cartográfica más actualizada.

Entre as determinacións que han de cumplir os plans parciais que desenvolvan esta zona teremos as seguintes:



CARACTERÍSTICAS XERAIS DO SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO

Superficie total aproximada: 26,41 Has.

Superficie mínima de actuación: 3 Has. Non permitindo que o ámbito delimitado deixe espazos inferiores a dita superficie ou espazos incomunicados.

Uso característico: Industrial

Ocupación máxima por edificacións: 50% da superficie total do sector

ORDENACIÓN

Coa finalidade de evitar actuacións que dificulten ou impidan a correcta ordenación do ámbito do solo urbanizable non delimitado, o plan ou planes haberán de xustificar que non quedan espacios residuais ou incomunicados dentro do ámbito e que se compren as condicións establecidas no art.66º LOUPMRG.

CONEXIÓN DA ACTUACIÓN COS SISTEMAS XERAIS

De conformidade co disposto no artigo 66º.3.b) LOUPMRG, o plan que desenvolva a ordenación detallada, establecerá as medidas necesarias e suficientes para garantir a axeitada conexión do sector cos sistemas xerais exteriores existentes e, no seu caso, a ampliación ou reforzo de ditos sistemas. Igualmente deberá resolver os enlaces co sistema xeral de comunicación existente, así como coas redes de servicios de abastecemento, de auga e saneamento, subministro de enerxía eléctrica, telecomunicacións, etc.

SISTEMA DE ACTUACIÓN

Será establecido, de conformidade co disposto no art.127º.2 LOUPMRG, no Plan de Sectorización.

OUTRAS CONDICIÓNNS

O plan de sectorización, terá en conta as seguintes directrices e medidas correctoras:

A ordenación tenderá á conservación da “Carballeira” existente. A estos efectos o Plan ou Plans de Sectorización realizarán un estudio pormenorizado do citado espazo diferenciando: o ámbito do mesmo que deberá manterse como solo rústico, que se adscribirá ó sistema xeral de espazos libres, do ámbito conformado pola área de protección do entorno, o cal poderá computarse dentro do sistema de dotacións locais de verde establecidas legalmente.

A efectos de salvagardar o entorno da “Carballeira”, o Plan ou Plans de Sectorización, tenderán á ubicación das edificacións destinadas a equipamento público no espazo comprendido entre dita “Carballeira” e o cinto de Lugo, procurando a integración de ditas edificacións no entorno.

Preveranse pantallas vexetais no borde do Parque Empresarial, limítrofe co espazo natural dos ríos Ladra, Parga e Támoga. Ademáis nese ámbito deberán implantarse as actividades menos agresivas co medio ambiente e as edificacións que poidan ser vistas dende o espacio natural, trataranse con materiais acordes co carácter do conxunto.



No borde do parque que limita coa charca lindeiro coa estrada N-VI, proponse manter o arboredo que bordea a pista para mellorar a imaxe desta fachada do Parque dende os espazos rústicos lindeiros e establecer, á súa vez, unha pantalla vexetal que sirva de espazo de transición entre o Parque Empresarial e as vivendas rurais próximas.

3.2. DELIMITACIÓN DO ÁMBITO DO PP

O ámbito deste PP restrínxese aos terreos grafados nos planos de información e ordenación como delimitación da FASE 1.

A superficie do sector segundo medición sobre levantamento topográfico é de 49.980,00 m² de superficie neta. A edificabilidade é de 0,8 m²/ m² con unha edificabilidade máxima do sector de 39.984,00 m².

A delimitación do sector coincide sensiblemente coa propiedade da empresa promotora. Para a redacción do presente plan parcial elaborouse unha nova base planimétrica, a unha escala maior, na que se delimita perfectamente a propiedade (marcos, muros, sebes, ...).

3.3. REFERENCIAS CATASTRAIS DOS TERREOS AFECTADOS

Se se fai a superposición dos terreos co parcelario catastral obrante na sede virtual do catastro a data de redacción do presente documento, a delimitación proposta encaixa sensiblemente co parcelario reflectido.

O ámbito deste PP afecta a unha única parcela catastral coa referencia 27007A03200184, propiedade da empresa promotora.

Faise entrega xunto co documento do plan parcial, da escritura de dita parcela a entidade mercantil Berina Patrimonios, S.L. que acreditan que o promotor é o propietario único do sector.

Tras a delimitación desta primeira fase do sector, este ten os seguintes parámetros:

- Superficie bruta do sector: 49.980 m²
- Superficie do viario existente e mantido: 0 m²
- Superficie neta do sector: 49.980 m²
- Edificabilidade: 0,8 m²/m²
- Aproveitamento lucrativo máximo: 39.984 m²c. Este será o límite de aproveitamento adoitado na ordenación detallada, inferior ó fixado na LSG.
- Uso global: Industrial

4. DESCRICIÓN DA ORDENACIÓN. CUALIFICACIÓN DOS TERREOS. SISTEMA VIARIO.

4.1. DESCRICIÓN DA ORDENACIÓN

SOLO INDUSTRIAL

Na zonificación do ámbito propónense dúas mazás con aproveitamento lucrativo para usos industriais.

Unha ao sur do vial 2, que estrutura o ámbito, denominada M1 cunha superficie de 18.902,00 m², onde se prevé a implantación en cada unha das parcelas de edificios destinados a usos industriais. Ao norte do vial 2 sitúase a outra mazá, denominada M2, cunha superficie de 9.585,00 m², que se estrutura tamén en parcelas adicadas todas a usos industriais. As prazas de aparcadoiro privadas na ratio exixible situaranse en cada unha das parcelas na proporción que corresponda.

Ambas mazás rexeranse pola Ordenanza 1: USOS INDUSTRIAIS do presente plan parcial, con indicación de medidas de integración ambiental e paisaxística e condicións singulares para cada unha das mazás.

A edificabilidade total prevista no sector é de 39.984,00 m² que se repartirán entre as dúas zonas industriais. Isto implica unha edificabilidade por metro cadrado de parcela edificable de, aproximadamente, 1,40 m²/ m².

As edificacións que se executen disporanse sempre a unha rasante superior á cota inundable e os aparcamentos que se sitúen no interior das parcelas, de titularidade privada, executaranse con materiais permeables, que permitirán a filtración de auga ao subsolo.

VIARIO E APARCAMENTO

O uso específico previsto (industrial), define unha funcionalidade de cara ao tecido urbano próximo a Begonte e Baamonde, e ás súas inmediacións. Trátase por tanto dunha peza ao servizo dos tecidos circundantes, non dun ámbito illado e autosuficiente.

O sector integrarase no territorio a través da estrada LU-P-1611, tanto a nivel de tráfico rodado, como de tráfico peonil.

A rede viaria incidente na zona, toda de sistema xeral está constituída por:

N-VI ao seu paso entre o núcleo urbano de Begonte e o núcleo urbano de Baamonde.

LU-P-1611 que une a estrada NVI e o enlace da autovía A-6

A-6, que constitúe o linde noreste do solo urbanizable industrial delimitado e comunica o parque empresarial coas cidades de Lugo e A Coruña.

En relación ao sistema viario, mantense a traza da LU-P-1611 (Sistema Xeral Viario) á que se abre o novo desenvolvemento para poñelo en relación co actual parque empresarial.

Procúrase a non afectación ós sistemas viarios da N-VI e a autovía A-6 Lugo-Coruña



Ademais, en liñas xerais mantense a directriz do viario existente que atravesa o sector, alén das rectificacións necesarias para poder absorber os radios de xiro dos vehículos pesados, no punto de contacto coa LU-P-1611. Dado que a ubicación do sector conta cunha mínima pendente, compre cos estándares esixibles en materia de accesibilidade, posibilitando itinerarios peonís accesibles.

A maiores, deste modo, evítanse os movementos de terra e posibilitase o mantemento do arboredo existente.

O novo viario proposto, adáptase á pendente natural do terreo, aos efectos de provocar un menor impacto.

Para o deseño da rede viaria proposta, estarase ao disposto no artigo 74 do RLSG.

A cota dos viais e das edificacións estará sempre a unha rasante superior á cota inundable.

ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES

Defínese unha banda vexetal que percorre o sector no lateral oeste, entre a mazá M1 e o solo rústico lindeiro, que se destina a zona verde a fin de servir de colchón entre os usos industriais e o rural lindeiro; ademais trátase da zona onde se atopa unha lagoa artificial. Tamén se prevé unha pequena bolsa no noreste do ámbito, para manter a vexetación autóctona existente.

Os estándares de vida e cohesión social previstos na LSG, establecen que nos ámbitos de uso industrial a reserva mínima será a que se estableza de maneira xustificada no planeamento.

A previsión do presente documento é de 11.876,00 m² (11.177,00 m² + 699,00 m²) destinados a zonas verdes e espazos libres nas zonas consideradas óptimas para a súa implantación. Este conxunto denomínase ZV/EL-1.

No apartado 6.1 do apartado III xustifícase o cumprimento das determinacións do artigo 70 do RLSG para a tipoloxía de zona verde prevista.

4.2. CRITERIOS CONSIDERADOS PARA A ORDENACIÓN PREVISTA

Ademais do obxectivo de posibilitar a implantación dos usos industriais previstos, en base as características do ámbito e o seu entorno explicados nos primeiros apartados desta memoria a ordenación proxectada ten en conta os seguintes criterios:

USOS NOS TERREOS ADXACENTES.


O ámbito do PP, fase 1 do sector de solo urbanizable non delimitado (S.U. -1.1) está rodeado de terreos con distintas clasificacións, calificacións e usos:

No bordo norte o ámbito está delimitado pola bolsa restante de solo urbanizable non delimitado (S.U. -1.1), pendente de desenvolvemento.

No bordo leste, o ámbito linda cos terreos incluídos no parque empresarial de Begonte, polo que se trata de solo industrial.

No bordo sur do ámbito sitúase a estrada N-VI que serve de conexión entre o parque empresarial e os núcleos próximos.

Por último, ao oeste do ámbito sitúanse terreos clasificados como solo non urbanizable común (solo rústico pola D.T. 1ª 2.d da LSG).



En base a estas premisas o uso industrial sitúase volcado cara o leste do ámbito, prevendo un vial estructurante que se conecte coa estrada LU-P-1611, que serve de conexión co parque empresarial existente.

ADAPTACIÓN Á TOPOGRAFÍA.

A morfoloxía do terreo é un elemento a ter en conta, xa que existe unha moi leve pendente na dirección leste-oeste, que permitirá non executar grandes movementos de terra, facilitando a comunicación do sector co parque empresarial actualmente existente.

NECESIDADES DOTACIONAIS.

Outro aspecto a ter en conta na ordenación do ámbito son as necesidades dotacionais do sector e o seu entorno.



O artigo 42 da LSG e 69 do RLSG establecen que nos sectores de uso terciario ou industrial as reservas para espazos libres e equipamentos públicos terán a superficie que, xustificadamente, se estableza no planeamento de desenvolvemento.

A priori, dado que se trata dun sector de solo destinado a usos industriais e que se atopa nunha implantación periférica aos núcleos de Begonte, non se prevé unha demanda dotacional por parte da poboación neste ámbito.

Si que se estima necesaria a ubicación dun colchón de zona verde entre os usos rústicos lindieiros e para manter a vexetación autóctona existente, polo tanto se prevé no presente PP destinar tódolos terreos dotacionais a zonas verdes e espazos libres, cunha superficie total de 11.876,00 m².

TRÁFICO E MOBILIDADE.

Dado que o obxecto de desenvolvemento destes terreos é a implantación dun uso industrial, a variable do tráfico e da mobilidade e moi importante para a súa ordenación.

Na ordenación prevista deséñase un vial 2 que articula todo o ámbito, de noroeste a sureste, e que se conecta á estrada LU-P-1611, impedindo o acceso a estrada N-VI e non afectando ao seu fluxo. Deste modo os vehículos pesados acceden por esta vía secundaria ao ámbito, que tamén serve de conexión co parque empresarial existente.

O vial 2 conecta o parque empresarial existente co resto de bolsa do solo urbanizable non delimitado (S.U.-1.1) que non se desenvolve no presente PP.

ARBOREDO.

Na ampliación da zona verde ao longo da estrada nacional proponse a reforestación do vial, o que permitirá unha mellor integración paisaxística. Ademais nas superficies de aparcadoiro situadas ao aire libre inserirase unha malla de arboredo, a razón, como mínimo, de 1 árbore por cada 3 prazas (mínimo 34 árbores).

Manterase o arboredo existente na zona verde 1 e empregaranse no caso dos viais especies autóctonas de diferente porte.

5. LIMITES DE SOSTIBILIDADE

O artigo 64 do RLSG, no seu apartado 3 establece que *"Para usos industriais ou terciarios, tanto no solo urbano non consolidado nos que sean precisos procesos de urbanización como no solo urbanizable, a superficie total edificable non poderá superar o límite resultante de aplicar o índice de edificabilidade de 1 metro cadrado edificable por cada metro cadrado de solo"*.

No solo urbanizable que nos ocupa o índice de edificabilidade fixado pola MP das NNSSPP, é de 0,8m²/m², polo tanto cúmprense os límites de sostibilidade establecidos pola lei.



6. RESERVAS DE SOLO. DOTACIÓN DE CARÁCTER LOCAL E SISTEMAS XERAIS.

Para a xustificación das reservas de solo tense en conta que a edificabilidade máxima permitida son 39.984,00 m².

6.1. RESERVAS DE SOLO PARA DOTACIÓN LOCAL DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES E EQUIPAMENTOS PÚBLICOS

O artigo 69 do RLSG establece que as reservas de solo para sistemas locais que, para o caso dos ámbitos de uso terciario ou industrial, determina tanto para espazos libres como equipamentos públicos, que a superficie será a que xustificadamente se estableza no planeamento de desenvolvemento.

O uso ao que se destina o sector é o industrial, o cal a priori non xera unha demanda dotacional clara. Ademais a situación do sector nunha zona periférica do núcleo urbano de Begonte, lindando con terreos rústicos, fai que tampouco se xere unha demanda dotacional por parte da poboación.

Tendo en conta esta ausencia de demanda clara das dotacións optouse na ordenación do ámbito por destinar o 100% da superficie dotacional a zonas verdes, que se sitúan en contacto co solo rústico, e non contemplar a existencia de equipamentos. Na ordenación detallada defíñese unha banda vexetal que percorre o sector no lateral oeste e que terá a condición de uso público, a pesares de que non sexa precisa a reserva de zonas verdes segundo a LSG nin a MP NNSS de Begonte. Esta banda verde manterá na medida do posible seu estado natural, funcionando como elemento de transición que actuará como barreira vexetal de amortecemento paisaxístico, absorbendo o posible impacto visual, sonoro e medioambiental que poida ocasionar o sector industrial tanto dende a contorna inmediata, como dende zonas más alonxadas.

En canto a superficie que se prevé que o PP destine a espazos libres ascende a algo máis de 11.000 m² (11.876,00 m²).

IDONEIDADE DA SÚA IMPLANTACIÓN:

Os espazos libres (ZV/EL-1) sitúanse no lugar máis apropiado para satisfacer as necesidades da poboación, asegurando a súa accesibilidade universal, funcionalidade e integración na estrutura urbanística. Parte da superficie deste espacio ten como función actuar como zona de amortecemento que facilite a integración do sector a través da introducción de vexetación.

A zona verde ZV/EL-1 sitúase na zona suroeste (a excepción dunha bolsa de arredor de 700 m² que se sitúa no norte) do sector, en continuidade co solo non urbanizable (solo rústico pola D.T. 1ª 2.d da LSG) que o circunda. Esta ubicación supón a mellor integración na estrutura urbanística, atopando continuidade da zona verde tipificada como “parques e xardíns”, co solo rústico, dándolle acceso tanto dende o vial interno do sector (vial 2) como desde a estrada N-6 (vial 1).

A súa accesibilidade queda garantizada dende os viais 1 e 2 dado que se mantén a rasante natural dos terreos na totalidade da superficie (pendentes inferiores ao 10%), mantendo o arboredo existente.

Cumprimento das determinacións do art. 70.2 do RLSG:



- a) *Ter garantizado o adecuado soleamento en relación coa edificación circundante, de acordo co establecido no art. 78.7.*

A zona verde sitúase no suroeste a unha rasante similar as das edificacións de uso industrial previstas, polo que se garanten as mellores condicións posibles de soleamento. Tampouco existen na actualidade edificacións exteriores ao ámbito que poidan afectar ao soleamento da zona verde prevista.

A normativa establece que a altura das fachadas non poderá ser superior ao ancho da vía ou espazo público aos que de fronte.

- b) *Ter as condicións apropiadas para a implantación de especies vexetais en polo menos o 50% da superficie.*

Mantense o terreo natural na práctica totalidade da zona verde, mantendo o arboredo existente. Os exemplares que debido ao proceso urbanizador non poidan manterse serán repostos en porte similar.

- c) *A súa posición será a que preste mellor servizo ás persoas residentes e usuarias garantindo a súa accesibilidade de acordo coa normativa sectorial na materia.*

A zona verde proposta, maioritariamente ten acceso dende o vial existente e o vial interno ao sector (vial 2). A adaptación do plan parcial a normativa de accesibilidade xustifícase no apartado 12, estando remitidos os aspectos construtivos ao proxecto de urbanización.

- d) *Nunca se destinarán a zona verde porcóns residuais de parcelación nin se considerarán como tales as superficies de estricta funcionalidade viaria como as rotondas ou as illas.*

A superficie da ZV/EL-1 é de 11.876,00 m² o que supón un 23,76% da superficie do sector, polo que non se pode considerar unha porción residual da parcelación. Non se consideran zonas verdes as rotondas ou illas do viario.

- e) *Deberán dotarse co mobiliario urbano, axardinamento e tratamento acorde co seu uso.*

Así se determina na normativa do plan parcial que se desenvolverá no correspondente proxecto de urbanización.

- f) *Estarán localizados ao ar libre, aínda que permitirase a colocación de estruturas de cubrición en parte do espazo.*

A zona verde é exterior e o ar libre.

6.2. DOTACIÓN DE APARCAMENTOS

A reserva mínima obligatoria que se dispón no artigo 69 do RLSC é de unha praza por cada 100 m² das cales, como mínimo, a cuarta parte debe ser de dominio público.

Considerando o total da superficie edificable (39.980,00 m²), o número mínimo de prazas sería de 400 con 100 de dominio público.



A reserva de prazas de aparcamento públicas previstas no presente plan parcial cumple este ratio ubicando 100 prazas na marxe do vial 2 debendo cumplir as determinacións establecidas na RLSG.

O resto das prazas sitúanse no interior das mazás M1 e M2, estando recollida na ordenanza industrial a obligación de dispor dun mínimo de 300 prazas establecendo unhas dimensións mínimas de 2,2x4,5 m cunha separación mínima entre elas de 20 cm para facilitar a mobilidade das persoas.

Prazas públicas: 100 prazas públicas (\geq prazas establecidas por lei)

Prazas privadas: 300 prazas entre M1 e M2

Total: $100+300= 400$ (=establecidas por lei)

En aplicación da normativa de accesibilidade e supresión de barreiras prevense nos espazos públicos cinco prazas para usuarios con mobilidade reducida distribuídas ao longo do vial 2.

As prazas de aparcamento privadas executaranse con materiais permeables que permitirán a filtración de auga ao subsolo.

6.3. DIMENSIÓN MÍNIMAS VIARIO E APARCAMENTO

Os artigos 74 e 75 do RLSG definen as características do viario e os aparcamentos nos novos desenvolvimentos.

Determináñanse as seguintes condicións dimensionais e funcionais:

- Existirá un equilibrio entre os trazados viarios (perfís lonxitudinais e transversais) e o relevo natural dos terreos, de modo que as pendentes das vías non resulten excesivas pero tampouco se produzan grandes movementos de terra que dean lugar a desmontes e/ou terrapléns inadecuados polo seu impacto paisaxístico.*

A topografía do ámbito non conta con grandes desniveis, ten unha moi leve pendente na dirección leste-oeste, o que permite non ter que facer ningún movemento de terras nin a creacións de terrapléns ou desmontes.

- As áreas peonís deberán estar diferenciadas do tránsito rodado, será compatible a utilización de solucións de plataforma única e terán que reunir as necesarias condicións de seguridade fronte aos medios de transporte motorizados.*

Tendo en conta que se trata dunha zona destinada a usos industriais con bastante tráfico rodado o plan parcial prevé unha solución diferenciando o tránsito peonil e rodado que reúne as necesarias condicións de seguridade.

- O novo viario axustarase as seguintes condicións dimensionais:*

- O largo mínimo das vías con circulación rodada nos novos desenvolvimentos en solo urbanizable e solo urbano non consolidado en que sexan precisos procesos de urbanización cumplirán as seguintes condicións:... Nos sectores e ámbitos de uso industrial ou terciario distinto do hoteleiro, o largo mínimo da vía será de 12m. As*



glorieta e cruces deseñaranse garantindo o acceso a vehículos grandes como son os correspondentes a emerxencias, bombeiros e servizos municipais.

A vía principal do ámbito (vial 2) deseñase con 25 m de largo, dimensión ampla posto que nel se contemplan os aparcamentos, as beirarrúas e o carril bici.

A glorieta do vial 2 conta cun diámetro de 10,00 metros e servirá para a conexión co resto do solo urbanizable non delimitado (S.U.-1.1).

2.A distancia entre alíñacións, nas vías de uso peonil exclusivo ou con circulación restrinxida ao acceso a garaxes e vehículos de emerxencia non poderá ser inferior a 6.

Non é o caso.

3.Nos novos desenvolvimentos, as beirarrúas que se proxecten terán un largo mínimo de 2m, contados dende a aresta exterior do beirado.

As beirarrúas previstas teñen un largo mínimo de 2 m ou superior.

4.Os carrís destinados a circulación de vehículos terán un largo mínimo de 3,5 m.

Os carrís previstos na ordenación teñen un largo previsto de 4,00 m.

5.As bandas específicas para carril bici terán un largo mínimo de 1,6m cando sexan dun único senso e de 2,2m no caso de ser de dobre senso, de acordo co deseño da vía.

A previsión da execución do carril bici que se proxecta no vial 2, terá un largo de 3,00 m posto que será de dobre senso.

6.Nos sectores de solo urbanizable, as vías principais deberán incorporar carril-bici, que se conectarán cos da mesma categoría existentes na contorna, de ser o caso.

Se prevé un carril-bici ao longo do vial 2 da ordenación, cun largo de 3,00 m que, na actualidade, non ten conexión coas bolsas de solo lindeiras.

6.4. RESERVA DE ARBOREDO

Segundo o disposto no artigo 69 do RLSG en ámbitos de uso terciario ou industrial a plantación ou conservación de árbores será a que xustificadamente se estableza no planeamento de desenvolvemento.

A previsión do presente plan parcial é o mantemento de tódalas árbores en bo estado situadas na zona verde.

Ao longo dos viais 1 e 2 prevese a plantación de exemplares de especies autóctonas, o obxecto do vial 1 é servir de transición e pantalla vexetal polo que se prevé a plantación de especies autóctonas de diferente porte, evitando as plantacións liñais.



No caso do vial 2 libre inserirase unha malla de arboredo, a razón, como mínimo, de 1 árbore por cada 3 prazas (mínimo 34 árbores).

6.5. SISTEMA DE INFRAESTRUTURA DE REDES DE SERVIZOS

Segundo o establecido no artigo 76.1 do RLSG.

As empresas subministradoras e distribuidoras emitirán o informe establecido no artigo 162.g) sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos antes de iniciar a tramitación dos plans de desenvolvemento do plan xeral.

No anexo II achégase o informe técnico emitido pola oficina técnica municipal o 26 de marzo do 2024 sobre a suficiencia dos servizos.

7. CARACTERÍSTICAS E TRAZADO DAS REDES DE SERVIZO. CONEXIÓNS EXTERIORES.

7.1. CONEXIÓN COS VIAIS CIRCUNDANTES

A descripción dos viais previstos no sector recóllese no apartado 4. DESCRICIÓN DA ORDENACIÓN, xustificando no apartado 6.3 o cumprimento das determinacións mínimas en canto a dimensións e aparcadoiro establecidas no RLSG.

CONEXIÓN COS VIAIS CIRCUNDANTES.

Mantense a traza da estrada LU-P-1611 (Sistema Xeral Viario) á que se abre o novo desenvolvemento para poñelo en relación co actual parque empresarial. Deste modo evítase a conexión directa coa estrada estatal N-VI, lindeira co ámbito deste plan parcial.

En liñas xerais, mantense a directriz do viario existente que atravesa o sector, alén das rectificacións necesarias para poder absorber os radios de xiro dos vehículos pesados, no punto de contacto coa anteriormente mencionada LU-P-1611.

7.2. CONEXIÓNS EXTERIORES COAS REDES DE SERVIZOS

Tal e como consta no apartado 2.3.6 da memoria informativa A variable fundamental á hora de estimar o impacto do proxecto do plan parcial sobre as redes previstas ou existentes ata agora é, sen dúbida, o posible incremento de mobilidade derivado del. Este incremento é mínimo, tendo en conta que o desenvolvemento do plan parcial se leva a cabo nunha zona urbanizable na que a maior superficie a desenvolver xa se atopa parcialmente construída, se ben non conta cos viais e a urbanización efectiva que se terá que executar, así como varias parcelas nas que se poderá levar a cabo a construcción de edificacións industriais.

A afectación ás redes de abastecemento será mínima, así como ás redes de saneamento. Non haberá afección reseñable, dentro das redes infraestruturais principais, nin en ningunha das redes de servizos.



ABASTECIMENTO.

Para dotar de infraestruturas de auga ao sector, valórase inicialmente, segundo o apéndice 7 do Plan Hidrolóxico Miño-Sil establécese unha dotación unitaria máxima bruta de 6.000 m³/ano o que implica un consumo bruto de 29.988 m³/ano que é o que tomaremos en consideración como cifra máxima.

A captación de Begonte conta cun depósito que distribúe a rede que pasa pola N-VI, lindeiro co sector. Ten un caudal de 5,2 L/s, o que fai un total de 449.280 l/día, co que ten capacidade para abastecer ao sector industrial.

Localízase en Gaibor e ten unha conducción que discorre a escasos metros do ámbito. A acometida levarase a cabo dende o extremo suroeste, e se usará unha conducción de PE Ø 110.

SANEAMENTO.

Existe unha infraestrutura de recollida e tratamento de augas residuais no entorno do sector. Actualmente esta rede xa recolle o saneamento do parque empresarial existente.

A rede de saneamento de fecais, deseñarase de modo independente e verterá as augas ó colector de residuais existente.

Para áreas de reducida superficie, é corrente estimar que o caudal de augas negras coincide co de consumo. Segundo o apéndice 7 do Plan Hidrolóxico Miño-Sil establécese unha dotación unitaria máxima bruta de 6.000 m³/ano o que implica un consumo bruto de 29.988 m³/ano que é o que tomaremos en consideración como cifra máxima.

As augas residuais conduciranse á depuradora municipal, a través de rede que xa existe no polígono industrial e que se conectará ó colector existente na N-VI.

PLUVIAIS.

Establecerase unha rede separativa de augas residuais e pluviais. As augas pluviais conduciranse ao saneamento municipal existente no polígono industrial.

REDE ELÉCTRICA.

O suministro de electricidade entra no sector mediante unha liña de media tensión. No propio sector existe un centro de transformación (CT) que reparte en baixa tensión dando suministro á nave actualmente existente no propio ámbito.

Utilizarase o CT localizado dentro do sector, coa fin de poder dar servizo a todo o ámbito. O incremento, moi modesto, resulta perfectamente asumible polas redes existentes no ámbito. Procederase ó soterramento da liña eléctrica de media tensión así coma ó desvío do mesmo polos vias que se han de executar.



TELECOMUNICACIÓNES.

Na actualidade existe rede de telecomunicacións nas inmediacións do sector, con tendido aéreo sobre postes. Crearase unha rede que distribúa o suministro de telecomunicacións dentro do sector. As conduccións serán soterradas e dimensionaranse para que poidan ser empregadas por diferentes operadores.

RECOLLIDA DE RESIDUOS

O concello de Begonte conta con servizo de recollida selectiva de residuos urbanos que deberá implantarse no ámbito do Plan parcial.

No caso de que as futuras actividades xerasen residuos que precisasen un tratamento específico, deberán xestionarse directamente.

8. XUSTIFICACIÓN DA INTEGRACIÓN DAS MEDIDAS DO IAE

8.1. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO.

A proposta do Informe Ambiental Estratégico é a de someter o Plan Parcial a avaliación ambiental estratégica segundo o seguinte:

Tendo en conta as observacións feitas neste documento de alcance, o promotor elaborará un estudo ambiental estratégico. O estudo ambiental estratégico formará parte integrante do plan e será o documento que identifique, describa e analice os posibles efectos significativos sobre o medio ambiente que poidan derivar da aplicación do plan, así como unhas alternativas razonables, técnica e ambientalmente viables, para previr ou corrixir os efectos adversos.

Xunto co presente documento para aprobación inicial do plan achégase o estudo ambiental estratégico, que foi tido en conta para elaborar o primeiro.

8.2. XUSTIFICACIÓN DA INTEGRACIÓN DAS MEDIDAS DO IAE NO PP

A continuación se insire un cadro resumo no que se detalla como se integraron no PP as medidas propostas no IAE:

ÁMBITO	OBSERVACIONES	INTEGRACIÓN NO P.P.
Paisaxe	<i>Identificaranse e localizaranse graficamente os elementos naturais ou construídos de interese paisaxístico (peches tradicionais e arboreo autóctono) que, no seu caso, existan no ámbito, e que deberán ser considerados na ordenación</i>	Tras o levantamento topográfico os elementos más relevantes que se atoparon son as lagoas artificiais e a vexetación que as circunda, que se consideran na ordenación incluíndoas na gran zona verde ZV/EL-1.
	<i>Estudaranse as condicións de visibilidade, tanto no que atinxe ás aperturas panorámicas cara a AEIP-03-09 "Alto Miño", como á incidencia das edificacións desde puntos de acumulación de observadores como a estrada N-VI. Suxírese incluír técnicas gráficas de representación visual, como por exemplo fotomontaxes, para valorar o impacto visual que poden ocasionar o conxunto das edificacións e a súa disposición no ámbito.</i>	Achégase un estudo da paisaxe no que se estudan e analizan todos estos puntos.
	<i>Para mellorar a integración paisaxística dos distintos elementos conformadores do parque como son aspectos xerais de deseño, viario interior e de</i>	Nas normas urbanísticas remítense á consulta dos criterios que se recollen na Guía de boas prácticas para a integración paisaxística das

	<p><i>conexión, paseos, espazos de lecer e zonas verdes, glorietas, aparcadoiros, peches e estética das edificacións, recoméndase consultar os criterios que recollen a Guía de boas prácticas para a integración paisaxística das áreas empresariais e a Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos.</i></p> <p><i>Para mellorar a integración paisaxística do espazo verde asociado á lagoa debe preverse o soterrado da liña de media tensión que atravesa o ámbito, toda vez que as normas sectoriais asociadas prohiben a existencia de arboredo baixo o tendido e supón un impacto visual considerable no futuro espazo de lecer.</i></p> <p><i>Para os efectos do disposto na directriz de paisaxe DX.10 epígrafes b2, b3 e b4, e sen prexuízo de que se valora positivamente a reserva de espazo verde libre asociado á masa arbórea onde se sitúa a lagoa, deben preverse medidas de amortecemento con vexetación autóctona nos bordos onde as parcelas industriais rematan contra o solo rústico ou contra a estrada nacional, nas que a zonificación non contempla faixas vexetais de transición. Estas medidas poden resolverse mediante a previsión de escavas (alcorques) ou de faixas verdes para a plantación de arboredo de xeito que mitiguen o impacto visual das naves, aparcadoiros e espazos de amoreamento de materiais en superficie. Esta previsión deberá ter en conta tamén o resultado das análises de visibilidade sobre a AEIP e sobre a estrada nacional que resulte no estudo da paisaxe.</i></p> <p><i>A normativa do plan deberá conter as disposicións ás que se refire a directriz de paisaxe DX.10.b10. No tocante á epígrafe i deben preverse tamén as medidas oportunas para asegurar a mellor integración posible das naves existentes. En relación coas epígrafes ii e iv poderán tomarse como referencia a Guía de cor e materiais de Galicia e a Guía de boas prácticas nos carteis publicitarios.</i></p>	<p><i>áreas empresariais e a Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos.</i></p> <p>Este plan parcial inclúe entre as súas determinacións o soterramento da liña de media tensión existente no ámbito.</p> <p>Establécese na zonificación faixas de zonas verdes de transición para mitigar o impacto visual das naves e aparcadoiros. A zonificación establecida no plan parcial responde tamén ao resultado das análises de visibilidade sobre a AEIP e sobre a estrada nacional que resulte no estudo da paisaxe.</p> <p>Inclúese nas normas urbanísticas un artigo no que se indica a necesidade de tomar como referencia a Guía de cor e materiais de Galicia e a Guía de boas prácticas nos carteis publicitarios.</p>
Ciclo hídrico (Dominio público hidráulico e zonas protexidas)	<p><i>Deberán identificarse no plan todos os elementos do dominio público hidráulico (canles e lagoas) non reflectidos na cartografía oficial baseándose en traballo de campo e na información achegada pola confederación.</i></p> <p><i>A dita delimitación deberá incorporarse á cartografía derivada da planificación e servirá de base para a análise de alternativas e a xustificación da alternativa elixida do estudo ambiental estratégico. Asemade, servirá de base para definir as medidas necesarias para garantir a protección das masas de augas superficiais e subterráneas e os hábitats vinculados a medios hídricos, conforme o disposto nos artigos 20 e 46 do Plan Hidrolóxico Miño-Sil.</i></p> <p><i>Terase en conta que o ámbito de actuación está clasificado como ecosistema dependente das augas subterráneas (EDAS), polo que se prestará especial atención a evitar alterar a disponibilidade ou calidade de auga subterránea. Con tal finalidade, promoverase o emprego de sistemas de drenaxe sustentable, tales como superficies e acabados permeables (artigo 126.ter.7 do RDPh) e disparase sobre o terreo o caudal das augas de escorras.</i></p>	<p>Identifícanse tanto graficamente como na documentación escrita tódolos elementos do dominio público hidráulico.</p> <p>Establécese limitacións de cara a implantación dos vias e das edificacións, que non poderán ser a unha rasante inferior a cota inundable.</p> <p>Ademais establécese a obriga do emprego para a execución dos aparcadoiros de materiais permeables que permitan a filtración da auga ao subsolo.</p>
Ciclo hídrico	<p>1. Debe quedar garantido no plan o abastecemento de auga, o saneamento de augas residuais e a xestión de augas pluviais conforme a criterios de sustentabilidade e á planificación hidrolólica</p>	<p>1. Achéganse os planos de infraestruturas de abastecemento, saneamento residual e pluvial, e tamén a xustificación das conexións.</p> <p>2. Establécese unha previsión de consumo en</p>



(Abastecimento, saneamento e depuración)	<p><i>(determinación 4.8.9 das Directrices de ordenación do territorio).</i></p> <p>2. En relación co abastecemento, deberá reflectirse a previsión de consumo para os distintos usos conforme ao disposto no apéndice 7 do Plan hidrológico do Miño-Sil (PHMS) e xustificar a autorización de conexión coa rede de subministro de auga do municipio, así como a suficiencia de recurso para atender as demandas calculadas.</p> <p>3. En canto ao saneamento, o plan deberá facer unha estimación do caudal de augas residuais que se xerarán e contemplar as solucións a adoptar para a súa xestión, de xeito que se xustifique cumplidamente que as instalacións de depuración ás que se conducan poderán, ademais de admitir con garantías os caudais xerados, cumplir as normas de calidade das augas do medio receptor establecidas legalmente.</p> <p>4. Cómpre clarexar a xestión e destino das augas pluviais.</p>	base ao apéndice 7 do Plan hidrológico Miño-Sil.
Riscos	<p>No plan deberase facer unha análise dos riscos naturais e antrópicos que afectan ao ámbito e incorporar un mapa de riscos (artigo 22.2 RDL 7/2015). Terase en conta que parte do ámbito do plan está afectado pola zona inundable que o organismo de bacía delimitou na ARPSI "Vilalba, subtramo río Ladra, desde Os Boedos hasta A Aldea, no municipio de Begonte".</p>	No documento EAE realiza unha análise dos riscos naturais e antrópicos que afectan ao ámbito e incorpóranse os mapas oportunos.
Zonas inundables	<p>1. Conforme co sinalado pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, na parte informativa do plan reflectírase a zona de fluxo preferente e a zona inundable (Q500), que serán delimitadas tomando como referencia os datos incluídos no seu informe.</p> <p>2. Esta cartografía terá carácter vinculante e o plan xustificará que se cumpre co disposto nos artigos 14 e 14bis do Regulamento do dominio público hidráulico (RDPh) e no artigo 46 da normativa do Plan hidrológico do Miño-Sil.</p>	No plano 27007_PP_202410_AI_PINFS_05IOT_AFEC reflectese a zona de fluxo preferente e a zona inundable (Q500) e na memoria xustifícase o cumprimento dos artigos.
Contaminación acústica	<p>Na documentación do plan incluirase de forma explícita a zonificación acústica da superficie de actuación (delimitación de áreas acústicas conforme aos usos pormenorizados do solo), en cumprimento do disposto no artigo 13 do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, e no artigo 5.2 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre a contaminación acústica de Galicia.</p>	Incorporase nos planos de ordenación o plano 27007_PP_202410_AI_PORD_08ZACUS, onde se inclúe a zonificación acústica do ámbito deste PP.
Patrimonio natural	<p>Na normativa do plan deberían recollerse directrices para que nos futuros proxectos de urbanización se adopten medidas para evitar a entrada ou a dispersión de especies exóticas con carácter invasor. Neste sentido, suxírese recoller a obriga de que nas actuacións relacionadas cos movementos de terra e adecuación dos terreos se verifique previamente a posible presenza destas especies e, de ser o caso, se establezan as medidas adecuadas para a súa eliminación e/ou control.</p>	Inclúense nas normas urbanísticas estas limitacións.
Mobilidade	<p>O plan debería incluir as medidas oportunas para favorecer a mobilidade activa (a pé, en bicicleta, etc.) e o uso do transporte público colectivo. Entre outras medidas, o viario principal do sector deberá integrar carril-bici (artigo 74.2 do RLSC).</p>	Intégrase no vial 2, que estrutura o ámbito, un carril-bici que percorre o sector en paralelo o tráfico rodado, en dobre sentido, cun largo de 3m.
Enerxía	<p>Estableceranse no plan medidas que contribúan a reducir as necesidades enerxéticas e a utilización de enerxías renovables. Promoverase tamén a utilización de sistemas de alumado exterior de alta</p>	Inclúense nas normas urbanísticas medidas nesa dirección.



	<i>eficiencia enerxética e que minimicen a contaminación lumínica.</i>	
Atmósfera e cambio climático	A Lei 21/2013 de avaliación ambiental esixe considerar o cambio climático na avaliación ambiental dos plans e programas. Sendo así, analizarase no estudo ambiental estratéxico a pegada de carbono asociada ao desenvolvemento do plan e estableceranse as medidas oportunas para mitigar a súa incidencia sobre o cambio climático e permitir a súa adaptación a este, considerando a información disponible.	No EAE analízase a pegada de carbono asociada ao desenvolvemento do plan e establecéncense as medidas oportunas.

9. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS DETERMINACIÓNS DA LEXISLACIÓN URBANÍSTICA, DAS NSP DE BEGONTE, DOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E DA LEXISLACIÓN SECTORIAL CON INCIDENCIA NA ORDENACIÓN

9.1. COHERENCIA COS CRITERIOS DE ORDENACIÓN, XESTIÓN E EXECUCIÓN CONTIDOS NO PLANEAMENTO DO CONCELLO DE BEGONTE

Dado que a Modificación Puntual das NNSS de Begonte foi aprobado ao abeiro da hoxe derogada Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, cómpre ter en conta a Disposición Transitoria Primeira, apartado 1, letra b), onde se establece o réxime de aplicación ao solo urbanizable delimitado.

En todos os aspectos relacionados coa aplicación da Lei 2/2016 do solo de Galicia, será aplicable o seu regulamento (Decreto D 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Solo de Galicia).

A proposta define un ámbito de uso industrial separado do actual parque empresarial por un viario que o divide en dúas zonas (norte e sur), e localizado nunha marxe da estrada provincial LU-P-1611 e entre a autovía Lugo-Coruña e a estrada NVI.

Adóitanse os parámetros fixados na Modificación Puntual das NNSS:

Táboa 1. Parámetros urbanísticos.

PARÁMETROS URBANÍSTICOS	
CLASE DE SOLO	URBANIZABLE
IDENTIFICACIÓN	Fase I
USO GLOBAL	INDUSTRIAL
SUPERFICIE BRUTA	49.980

En canto ás conexións viarias, procúrase a integración do actual plan parcial co parque empresarial existente a través da Estrada provincial LU-P-1611.



9.2. COHERENCIA COS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO. ANÁLISE DE COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA COAS D.O.T.

9.2.1. XUSTIFICACIÓN DO AXUSTE DA ORDENACIÓN ÁS DETERMINACIÓNS DAS DOT.

No presente apartado analízase o axuste da ordenación do plan parcial ás determinacións incluíntes e orientadoras relacionadas na memoria informativa.

2. SISTEMA DE ASENTAMENTOS.

2.4. DETERMINACIÓNS PARA OS NÚCLEOS PRINCIPALES DOS RESTANTES MUNICIPIOS E PARROQUIAS RURAIS.

- D.O. 2.4.3. “O planeamento urbanístico municipal e os plans e programas das administracións considerarán os ámbitos parroquiais nos seus diagnósticos para a planificación, e procurarán ubicar as súas actuacións de dotación ou desenvolvemento nos núcleos principais das citadas parroquias, aproveitando o seu carácter de centralidade e relación parroquial, para optimizar a rendibilidade social dos recursos”.

Por medio da presente actuación xeraranse unha importante dotación pública (ZV/EL-1).

3. DETERMINACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS ASENTAMENTOS, DAS ÁREAS EMPRESARIAIS E DAS ACTIVIDADES PRODUTIVAS.

3.2. DETERMINACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ÁREAS EMPRESARIAIS

- D.E. 3.1.2. “Só poderán ter a consideración de ámbitos aptos para o desenvolvimento urbano aqueles solos que reúnan os requisitos de necesidade e idoneidade e que, de acordo coa legislación urbanística e os criterios e determinacións destas DOT, sexan clasificados como solo urbano ou urbanizable”.

O ámbito deste desenvolvimento urbano localízase sobre terreos clasificados como solo urbanizable non programado.

- D.E. 3.1.5.b) “Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico deberán garantir a accesibilidade e mobilidade, prestando especial atención a fórmulas de transporte sostenible (colectivo, en bicicleta, a pé, etc.), en función das necesidades e características de cada un deles en concreto, para o cal contemplarán os análisis necesarios baseados na consideración das necesidades de desplazamiento existentes e derivadas das previsões de planeamento.”

Tal e como se explicou con anterioridade o presente proxecto apostá de forma decidida polas fórmulas de transporte sostenible, introducindo no deseño da vía principal (vial 2) o carril bici.

- D.E. 3.1.14. “Os instrumentos de ordenación do territorio e de planeamento urbanístico deberán conter unha análise dos riscos naturais e antrópicos aos que se expón o territorio do seu ámbito de influencia, e deberán estes terreos expostos quedar excluídos do proceso urbanizador e, en todo caso, dos usos polos que poidan verse afectados persoas e bens materiais ou que deixen de ser funcionais no caso da materialización do risco. Para a análise destes riscos naturais e tecnológicos partírase das delimitacións e estimacións realizadas polos órganos sectoriais competentes en cada caso, ou se procedese, se usarán as fontes e metodoloxías de cálculo e estimación que estes establezan.”

Na parte informativa da memoria analízanse os riscos naturais e tecnológicos que inciden no sector. Respecto dos primeiros tan só destaca o de inundación por presentar o sector distintos riscos de



inundación (T100 e T500). No referente ao risco tecnolóxico trátase dun risco medio por transporte de mercadorías perigosas, vinculado a autovía do Noroeste A-6.

- D.O. 3.1.15.d. “*No caso de que existan zonas con risco de inundación estableceranse as limitacións necesarias de usos, especialmente en zonas de fluxo preferente, de cara a garantir a protección dos canles, evitando e diminuindo os danos ambientais e sobre bens e persoas, seguindo as prescricións establecidas na planificación hidrolóxica e nos plans de xestión de inundacións.*”

O ámbito non se atopa en zona de fluxo preferente pero si que se establecen limitacións en canto a rasante na que se implantarán os viais e as edificacións, que deberá ser superior á cota inundable. Ademais, as prazas de aparcamento privadas, deberán executarse con materiais permeables, que permitirán a filtración da auga ao subsolo.

4. AS INFRAESTRUTURAS E OS VECTORES DO MODELO TERRITORIAL:

4.1 DETERMINACIÓN RELATIVAS ÁS ESTRADAS.

- D.O. 4.1.8. “*O acceso ás parcelas resultantes dos novos desenvolvimentos urbanísticos deberá realizarse a través de estradas cando menos de rango local. As conexións coas estradas supramunicipais coordinaranse coa administración titular da vía.*”

O acceso á totalidade das parcelas realizarase a partir do vial 2, que estrutura o sector de norte a sur, e que se conecta coa estrada LU-P-1611.

4.6. DETERMINACIÓN RELATIVAS ÁS INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓN.

- D.E. 4.6.3. “*En toda planificación de obras de urbanización preveranse os espazos e sistemas necesarios que faciliten a implantación posterior de redes de telecomunicacións.*”

Na nova ordenación prevese a dotación de telecomunicacións polo vial 2.

4.7. DETERMINACIÓN RELATIVAS ÁS INFRAESTRUTURAS DE XENERACIÓN E ABASTECIMENTO ENERXÉTICO.

- D.E.4.7.2. “*Os instrumentos de ordenación do territorio e de planeamento urbanístico deberán contemplar as infraestruturas necesarias para o abastecemento tanto eléctrico como gasista, no seu caso, para o que deberán prever e cuantificar o aumento da demanda enerxética en tódolos sectores.*”

- D.E. 4.7.3. “*Co fin de determinar a viabilidade das actuacións, as compañías subministradoras establecerán, no momento da ordenación municipal, as necesidades e o custo das infraestruturas asociadas aos desenvolvimentos urbanísticos.*”

Na vía principal (vial 2) que estrutura o ámbito de actuación, prevese a infraestrutura necesaria para soterrar as liñas eléctricas, coas características que se indican no apartado correspondente desta memoria.

- D.E. 4.7.4. “*Nos novos desenvolvimentos urbanísticos os tendidos e redes de instalacións enerxéticas serán subterráneos.*”

Todas as novas canalizacións eléctricas prevense soterradas.



4.8. DETERMINACIÓN RELATIVAS AO CICLO INTEGRAL DA AUGA.

- D.E. 4.8.9. “Non se poderán executar novos desenvolvimentos residenciais, industriais ou comerciais, dotacións, ou explotacións agroforestais ou mineiras se non está previamente garantido o abastecemento de auga e o saneamento de augas residuais e a xestión das augas pluviais (TDUS) conforme a criterios de sostenibilidade e a planificación hidrolóxica”.

A presente actuación contempla un pequeno desenvolvimento industrial que se conectará facilmente ás redes de abastecemento de auga e saneamento existentes no polígono industrial.

En canto as augas pluviais, recolleranse e levaranxe ate a infraestrutura existente de augas pluviais na estrada N-VI.

- D.E. 4.8.11. “Calquera novo desenvolvimento residencial, industrial ou terciario preverá obrigatoriamente dúas redes de evacuación de augas, separadas e independentes, para augas pluviais e para augas residuais. Incluiranse as TDUS (técnicas de drenaxe urbano sostenible) precisas para garantir dun modo cualitativo e cuantitativo a volta da auga pluvial ao medio receptor.”

Na memoria e nos planos do presente documento onde se describen as redes de infraestruturas e servizos existentes e proxectados, prevese, en tódolos casos redes separativas de evacuación de augas residuais e pluviais.

- D.O. 4.8.20. “As novas urbanizacións reducirán ao mínimo posible o selado do solo, mediante a utilización de pavimentos filtrantes e a interposición de espazos verdes ou sen pavimentar”.

Nas novas zonas a pavimentar proxectaránse pavimentos filtrantes, tales como céspede portante, formigón con xunta aberta, etc. Ademais, na ordenación prevense abundantes zonas verdes sen pavimentar.

7. O PATRIMONIO NATURAL.

7.1. DETERMINACIÓN DE CARACTER XERAL.

- D.O. 7.1.4. “Na elaboración e redacción dos diferentes instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos teranse presentes os catálogos de especies ameazadas, os correspondentes plans de conservación e documentación concurrente”.

Na normativa farase fincapé nestes aspectos, tanto no referente ao mantemento das especies propias da zona como na eliminación das especies invasoras.

8. A PAISAXE.

- D.O. 8.6. “O planeamento urbanístico realizará un estudo da paisaxe urbana, prestando especial atención ás tipoloxías edificatorias, ás medianerías vistas e aos peches, aos materiais das fachadas e pavimentos dos espazos públicos, ás zonas verdes e arboredos, ao mobiliario urbano, ao alumeadoo público, aos tendidos aéreos e ao tráfico e aparcadoiro de vehículos”.

Elaborouse un estudo da paisaxe que se achega como parte da documentación, no que se tratan todos estes aspectos.



2. APLICACIÓN, DESENVOLVEMENTO E REVISIÓN DAS DOT.

10.1. DETERMINACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS DIRECTRICES.

D.E. 10.1.18. *"Coa fin de conseguir unha adecuada coordinación territorial, os instrumentos de ordenación territorial, e de urbanismo en ausencia destes, axustaranse ás determinacións das DOT, concretando aquelas que se desenvolvan de modo particular no seu ámbito de actuación, evitando redundancias e incoherencias. Así mesmo, incluirán unha Análise de compatibilidade estratéxica (ACE) nos termos nos que se recolle no Informe de Sostibilidade Ambiental destas Directrices, para garantir a coherencia da planificación en cascada e a consideración da prevención e minimización dos posibles efectos que puidesen xerar. Tanto na xustificación da integración das presentes determinacións como a ACE deberán formar parte da documentación destes instrumentos."*

No presente apartado xustificouse a integración das determinacións das DOT que resultan de aplicación. O ACE xustifícase no seguinte apartado.

9.2.2. ANÁLISE DE COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA (ACE).

1.- OBXECTO.

Segundo se dispón na determinación excluínte 10.1.18 das DOT, co fin de alcanzar unha adecuada coordinación territorial, os instrumentos urbanísticos axustaranse ás determinacións das DOT concretando aquellas que se desenvolvan de modo particular no seu ámbito de actuación, evitando redundancias e incoherencias.

Ademais, incluirán una Análise de Compatibilidade Estratéxica (ACE), nos termos que se recolle no informe de sostibilidade ambiental (ISA) destas directrices, para garantir a coherencia da planificación en cascada e a consideración da prevención e minimización dos posibles efectos que puiden xerar. Tanto a xustificación da integración das determinacións como o ACE deberán formar parte da documentación de ditos instrumentos.

A xustificación da integración das determinacións das DOT inclúese no punto anterior.

2. CONSIDERACIÓN DOS ASPECTOS CLAVE PARA A SOSTIBILIDADE.

Tendo en conta o ACE que se recolle no ISA das DOT, analízase como se tiveron en conta os efectos da ordenación sobre os aspectos clave que normalmente coinciden coas variables sobre as que se vai a producir afeccións o plan parcial:

1. CALIDADE DO SOLO: O cambio do uso do solo, a súa urbanización e ocupación parcial polas construcións, vai supor a transformación do solo que está neste momento en estado natural. A estes efectos cabe sinalar que se actúa sobre terreos clasificados como solo urbanizable non programado cuxa transformación está prevista na modificación puntual das NNSSPP, que se mantén en estado natural case un 24% do ámbito e que as zonas sobre as que se intervén se proxectan con pavimentos filtrantes que minimicen a impermeabilización do chan.
2. VOCACIONALIDADE DE ÁMBITOS: A asignación de usos coincide responde ás necesidades do programa e tamén ao respecto polas preexistencias do lugar, tamén coas intensidades e estándares de dotacións dispostas nas NNSSPP, na MP das NNSSPP e na legislación urbanística.



3. EXPOSICIÓN A RISCOS: Tal e como se indicou na memoria non é previsible que se produzan riscos naturais ou tecnolóxicos que sexan incompatibles coa urbanización do ámbito pero si que hai que manter certas precaucións. Inclúese na normativa a imposibilidade de situar viais ou edificacións a unha rasante inferior á cota inundable.
4. INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA. A ordenación integra a actuación coa paisaxe urbana do contorno.
5. CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL: Non se afecta en grao algúun á espazos de interese natural e/ou cultural recoñecidos.
6. FRAGMENTACIÓN DO TERRITORIO: Non se considera que o desenvolvemento deste ámbito teña efectos sobre esta variable, ao contrario, pensamos que servirá para cohesionar as zonas industriais da contorna mellorando sensiblemente o nivel de urbanización e das dotacións públicas.
7. COMPETITIVIDADE ECONÓMICA. A nova planificación mellora a oferta industrial e as dotacións urbanísticas do polígono industrial de Begonte contribuíndo á dinamización económica da zona.
8. EQUILIBRIO NO DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO: Esta variable non resulta de aplicación neste caso pola pequena entidade da actuación.
9. COHESIÓN SOCIAL E CALIDADE DE VIDA: A presente actuación contribuirá á mellora da cohesión social e da calidade de vida da zona ao xerar espazos onde poder implantar industrias e xerar espazos libres .
10. GOBERNABILIDADE: A eficacia, calidade e boa orientación na coordinación coas distintas administracións queda garantida polo sometemento da actuación ao procedemento da avaliación ambiental estratéxica e á consulta de diversos organismos das administracións públicas implicadas.
11. CALIDADE DO AIRE: A disposición de zonas verdes e arboredo en proporción moi superior a exixida pola lexislación urbanística incide claramente na mellora da calidade do aire, debido ao importante papel que xoga a vexetación na súa depuración biolóxica. Doutra banda, a posibilidade de realizar desprazamentos a pe ou en bicicleta ademais de mellorar a mobilidade sostible incide na redución de emisións de CO₂.
12. CALIDADE DA AUGA: A presente actuación non incide sobre esta variable, xa que non se pode actuar sobre o mantemento da calidade nin na recuperación de masas degradadas. Establécese a limitación de implantar viais ou edificacións a unha rasante inferior a cota inundable.
13. CONSUMO DE RECURSOS HÍDRICOS: O desenvolvemento desta actuación supón un incremento leve no consumo de recursos hídricos, pola implantación de certas industrias.
14. CONSUMO ENERXÉTICO: Se prevé o uso de lámpadas LED no alumeadoo público, mellorando a eficiencia enerxética e reducindo o consumo de electricidade.
15. XERACIÓN DE RESIDUOS: No proxecto de urbanización do ámbito se preverá a disposición de contedores de recollida selectiva de residuos de acordo coa política municipal ao respecto.
16. EMISIÓN DE GASES EFECTO INVERNADOIRO: Mellorase de forma sensible a mobilidade peonil e en bicicleta, integrando no vial 2 tódalas formas posibles de desprazamento.



17. NECESIDADES DE MOBILIDADE: Esta variable foise comentando nos puntos anteriores e no resto dos documentos.

18. EQUILIBRIO NO REPARTO MODAL: Os esforzos que se fan refírense á mellora das condicións de mobilidade peonil e en bicicleta dentro do ámbito.

3. PROCESO DE DECISIÓN.

1. COHERENCIA EN CASCADA – RELACIÓN CON LOS OBJETIVOS DE LAS DOT: Na xustificación que se fai na memoria verifícase que se da cumprimento aos obxectivos das Directrices e da planificación intermedia naqueles aspectos que son de aplicación neste caso, como son os relativos ao desenvolvemento e ordenación das áreas industriais, as infraestruturas de servizos e a paisaxe.
2. COHERENCIA TRANSVERSAL – RELACIÓN COS OBXECTIVOS DA PLANIFICACIÓN SECTORIAL: No referente a planificación sectorial cabe sinalar a incidencia que teñen sobre o ámbito a lexislación en materia de augas no referente ás zonas de inundabilidade, sobre todo onde se sitúa a zona verde. A incidencia que presenta esta lexislación sectorial e a forma na que se tivo en conta analízase no apartado correspondente da memoria xustificativa.
3. DEMANDA SOCIAL: As actuacións previstas no plan parcial, derivan da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento para a creación de dous polígonos empresariais e de a súa adaptación ao establecido na Lei do Solo de Galicia e o seu Regulamento. Non cabe dúbida que con esta actuación vai mellorar a zona, completando a urbanización e cohesionando o tecido empresarial, así como coa creación de dotación de espazo libre, inexistentes no entorno da actuación.
4. CONSIDERACIÓN DE ALTERNATIVAS. XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN: Na memoria do EAE analízanse as alternativas consideradas e xustifícase a elección da que se desenvolve no presente plan parcial.

4. RELACIÓN COS ELEMENTOS TERRITORIAIS ESTRATÉXICOS DE GALICIA.

Neste apartado trátase de avaliar a relación do planeamento cos elementos territoriais estratéxicos identificados no análise das DOT:

1. PAISAXE, PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL: Achégase un estudo da paisaxe onde se explica a incidencia e relación da actuación.
2. PRODUCIÓN DE ALIMENTOS: A presente actuación non incide de modo algúun sobre este elemento.
3. SOLO EMPRESARIAL: A actuación proposta creará case 28.500 m² de solo empresarial, que permitirá o crecemento industrial da zona, algo moi demandado.
4. TURISMO: A actuación proposta non incide de modo algúun sobre este elemento.
5. EQUIPAMENTOS E SERVIZOS BÁSICOS: Coa presente actuación mellorarase de forma sensible o nivel de urbanización da zona, completando servizos urbanos e dando



lugar a unha importante dotación de espazo libre que supera amplamente os mínimos previstos na lexislación urbanística.

9.3. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA DA LSG

O presente plan parcial cumpre coas Normas de Aplicación Directas recollidas no artigo 91 da LSG e 216 do RLSG de aplicación aos instrumentos de planeamento urbanístico e tódalas clases de solo.

Os usos do solo e en especial a súa urbanización e edificación deben adaptarse ás características naturais e culturais da súa contorna así como respectar os seus valores.

A adaptación da ordenación ao seu entorno queda xustificada no Estudo de Paisaxe e Paisaxe Urbano que acompaña ao documento. No documento se teñen en conta tódalas consideracións realizadas polo IET no seu informe en materia de paisaxe.

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente en que están situadas, e para tal efecto se establecen con carácter xeral e con independencia da clasificación do solo as seguintes Normas de Aplicación Directa:

- a) *As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el (artigo 91.a) da LSG) e ser coerentes coas características naturais e culturais do seu contorno inmediato e da paisaxe circundante.*

No interior do ámbito non existe ningunha edificación de orixe tradicional.

- b) *Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as bellezas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto (artigo 91.b) da LSG).*

Na ordenación do PP tívose en conta a estrutura xeomorfolóxica do ámbito e a súa posición na zona dos ríos Ladra-Parga-Támoga.

- c) *A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe (artigo 91.c) da LSG).*

A proposta de ordenación contempla unha tipoloxía edificatoria de uso industrial (11 m de altura), na procura dunha boa integración nun terreo con moi pouca pendente. Para mellorar a integración no lugar, regúlanse os materiais e as cores de acabado segundo a Guía de cor e materiais de Galicia para a Gran Área Paisaxística Fosas e Chairas Luguesas.

- d) *As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados (artigo 91.d) da LSG).*



As normas urbanísticas que integran este documento regulan a necesidade de evitar situacíons de provisionalidade ou falta de acabado.

- e) *Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensíóns, localización ou colorido non cumpla as anteriores prescricións (artigo 91.e) da LSG).*

A publicidade das empresas que se instalen no parque industrial, deberán cumplir cunhas dimensíóns, colorido e posición axeitadas dentro do ámbito.

- f) *Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes (artigo 91.f) da LSG).*

No ámbito do sector non se dan situacíons de grave risco. Os riscos avaliados por mor de incendios forestais minimízanse coa distancia de seguridade (25 m) que establece o Código Técnico da Edificación, Intervención dos bombeiros.

9.4. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL DE APLICACIÓN

Na memoria informativa identifícaronse as afeccións derivadas da normativa sectorial que afectan ao ámbito do PP, no presente apartado imos a xustificar o cumprimento desa normativa sectorial.

9.4.1. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN EN MATERIA DE LIÑAS ELÉCTRICAS.

Tal e como indicamos na memoria informativa, ao sur do ámbito localízase unha liña eléctrica de media tensión aérea.

En relación a esta afección deberase ter en conta o disposto na normativa sectorial correspondente, en especial:

- RD 1955/2000, de 1 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro e procedimientos de autorización de instalaciones de energía eléctrica.

- RD 223/2008, de 15 de febrero, por el que se aprueban el Reglamento sobre condiciones técnicas y garantías de seguridad en líneas eléctricas de alta tensión y sus instrucc. técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09.

No artigo 162 do RD 1955/2000 establecense as servidumes das liñas eléctricas:

- Para as liñas eléctricas aéreas, queda limitada a plantación de árbores e prohibida a construcción de edificios e instalacións industriais na franxa definida pola proxección sobre o terreo dos condutores extremos nas condicións más desfavorables, incrementada coas distancias regulamentarias a ambos os dous lados da devandita proxección.



- Para as liñas subterráneas prohíbese a plantación e construcións mencionadas no parágrafo anterior, na franxa definida pola gabia onde van aloxados os condutores incrementada nas distancias mínimas de seguridade regulamentarias.

As Instruccións Técnicas Complementarias (ITC) do Reglamento de Alta Tensión, aprobado por Real Decreto 223/2008 fixan esas distancias mínimas de seguridade. Nas liñas aéreas hai que considerar:

- 1) Servidume de voo
- 2) Distancia externa á liña
- 3) Prohibición de plantar arboredo
- 4) Prohibición de construcións

Para determinar a distancia que hai que respectar en plantación de árbores ou construcións hai que ter en conta a chamada servidume de voo e a distancia externa á liña (Del).

1) A servidume de voo para as liñas aéreas con condutores espidos defínese como a franxa de terreo determinada pola proxección sobre o chan dos condutores extremos, considerados estes e as súas cadeas de illadores nas condicións más desfavorables; é dicir, na súa posición de máxima desviación sometidos á acción do seu propio peso e a unha sobrecarga de vento para unha velocidade de 120 km/ h á temperatura de +15º C (apartado 5.12 de ITC- LAT 7). Este cálculo incluirase no proxecto de implantación da liña.

2) A distancia externa da liña (Del) queda fixada na seguinte táboa (apartado 5.2 de ICT- LAT 7) As ITC- LAT fixan os límites das franxas en que queda prohibido plantar árbores ou construír nas liñas aéreas con cables espidos (ITC- LAT 7) ou con cables illados (ITC- LAT 8).

3) Prohibición de plantar arboredo. A franxa a que se aplica esta prohibición é distinta segundo a liña estea resolta mediante cables espidos ou illados (protexidos) - En conducións aéreas de cables espidos (apartado 5.12.1 de ITC- LAT 7) - A franxa queda definida pola servidume de voo ampliada a cada lado por 1,5 m + Del (cun mínimo de 2 m) - En condutores illados (apartado. 6.13.1 de ITC LAT 8) - Debe separarse da proxección vertical da liña 2 m para tensións de 30 kV - e 1,5 para igual ou menor a 20 kV.

4) Prohibición de construcións. A amplitude da franxa é igual no caso de cables espidos (apartado 5.12.2 de ITC- LAT 7) ou illados (apartado 6.13.2 de ITC- LAT 8). A prohibición aplicarase a unha franxa definida pola servidume de voo ampliada en 3,2 m + Del (cun mínimo de 5 m).

Tendo en conta que a tensión mais elevada da rede supонse que é de 24 kV, a distancia externa da liña (Del) será de 0,22 metros. Polo tanto as distancias mínimas a considerar para a plantación de arboredo e para as construcións serán as seguintes:

- Plantación de arbores: $1,50 + 0,22 = 1,72$ metros 2 metros.



- Construccións: $3.20 + 0,22 = 3,42$ metros..... 5 metros.

9.4.2.XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN EN MATERIA DE ESTRADAS

Tal e como se indicou na memoria informativa, o ámbito da do plan parcial está afectado polas zonas de protección e a liña de edificación das estradas de titularidade estatal N-VI e A-6.

A lexislación de aplicación para as estradas de titularidade estatal é a Lei 37/2015, de 29 de setembro, de estradas e o Regulamento Xeral aprobado polo RD 1812/1994, de 2 de setembro.

Os efectos da lexislación de estradas do estado establecense as seguintes zonas de protección das estradas de titularidade estatal: dominio público, servidume, de afección e limitación da edificabilidade, que se definen nos artigos 74 e seguintes.

A estrada N-VI é a que afecta á fase 1 deste PP, trátase dunha estrada multicarril polo que as zonas de protección que se deben definir son as seguintes:

- Zona de dominio público: Os terreos ocupados polos elementos funcionais da estrada e unha franxa de terreo de tres metros de largo a cada lado da vía, medidos horizontal e perpendicularmente ao eixo da mesma, dende a aresta exterior da explanación.
- Zona de servidume: Dúas franxas de terreo a ambos lados das mesmas, delimitadas interiormente pola zona de dominio público e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas exteriores da explanación a unha distancia de 8 metros medidas desde as citadas arestas.
- Zona de afección: Dúas franxas de terreo a ambos lados da mesma, delimitados interiormente pola zona de servidume e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas exteriores da explanación a unha distancia de 50 metros medidas desde as citadas arestas.
- Liña límite de edificación: sitúase a 25 metros da aresta exterior da calzada máis próxima, medida horizontalmente a partir da citada aresta.

9.4.3.XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN EN MATERIA DE AUGAS.

Tal e como indicamos na memoria informativa, o sur do ámbito está afectado polas zonas inundables T100 e T500 do Río Ladra.

Será preciso ter en consideración o estudo sobre zonas inundables do Sistema Alto Miño ao que pertence.

Ademais, será de aplicación o “ANEXO III Disposiciones normativas del Plan Hidrológico de la parte española de la Demarcación Hidrográfica del Miño-Sil” especialmente nos seus artigos 45 e 46 que din o seguinte:

Artículo 45. Limitaciones a los usos en la zona de policía inundable.

1. Las limitaciones a los usos en zonas inundables se ajustarán a lo dispuesto en los artículos 9, 9 bis, 9 ter, 9 quáter, 14 y 14 bis del Reglamento del Dominio Público Hidráulico, así como a las limitaciones complementarias que se detallan en los siguientes apartados.



2. Dentro de la llanura de inundación se diferencian la zona inundable y la zona de flujo preferente, definidas en el artículo 3 del Real Decreto 903/2010, de 9 de julio, de evaluación y gestión de riesgos de inundación.

3. A efectos de la definición de vía de intenso desagüe se atenderá a lo establecido en el artículo 9.2 del RDPh, de manera que, la sobre elevación referida en esta disposición se reducirá hasta 0,1 m cuando el incremento de la inundación produzca graves perjuicios y además sean factibles, técnica y económica mente, otros emplazamientos para nuevas construcciones fuera de esa zona, y se podrá aumentar hasta 0,5 m en suelo rural, en aquellos casos donde el incremento de la inundación produzca daños reducidos y exista dificultad para acondicionar otras áreas alternativas de desarrollo.

4. Se permitirán, con carácter general, las actuaciones destinadas a la conservación y restauración de construcciones singulares del Patrimonio Histórico asociadas a usos tradicionales del agua, como molinos, mazos, herrerías, entre otras construcciones de gran valor etnográfico y testigos de la tradición, siempre que se mantenga su uso tradicional y no permitiendo, en ningún caso, un cambio de uso salvo el acondicionamiento museístico. Asimismo, se podrán realizar obras de reparación, conservación o adecuación de otros elementos del Patrimonio Histórico, siempre que dichas actuaciones sirvan para proteger o adecuar sus elementos originales y mantener los valores por los que fueron inventariados o catalogados. En ningún caso estas actuaciones podrán suponer una reducción de la capacidad de desagüe, un incremento de su vulnerabilidad frente a las avenidas ni una nueva ocupación del DPH.

5. **Cuando los actos o planes de las comunidades autónomas o de las entidades locales comporten afecciones a cauces públicos, a sus zonas de servidumbre o policía o al régimen de corrientes, con especial referencia a la inundabilidad, deberán contemplar y justificar, de acuerdo con el principio de desarrollo sostenible y teniendo en cuenta los mapas y planes de gestión de peligrosidad y riesgo de inundación existentes, la no incidencia en el régimen de corrientes, así como la definición de los usos permitidos en terrenos de dominio público hidráulico, sus zonas de servidumbre y policía e inundables a las que afectan. De este modo, de conformidad con el artículo 25.4 del TRLA, los planes de las comunidades autónomas e instrumentos de planeamiento se deberán someter al informe previo de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil O.A..**

6. A falta de estudios específicos, la cartografía de referencia sobre los distintos tipos de zonas inundables será la ofrecida por el Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables conforme a lo establecido en el artículo 10 del Real Decreto 903/2010, de 9 de julio.

O presente plan parcial non está afectado pola zona de fluxo preferente nin pola zona de policía do río Ladra, pero si está afectado pola zona inundable (Q500) tal e como se reflicte no plano de información PINFS_05/OT_AFEC_1. No conxunto de tódolos documentos que integran este plan parcial establecése a xustificación da non afectación por parte da ordenación nin da posterior implantación das industrias ao réxime de correntes do subsolo. Establécense limitacións nas normas urbanísticas encamiñadas sempre a preservación do ciclo hidráulico.

Artículo 46. Riesgo de inundación y planificación territorial y urbanística.

1. La Confederación Hidrográfica del Miño-Sil O.A. dispone de los mapas de peligrosidad y riesgo de inundación conforme al Real Decreto 903/2010, de 9 de julio. No obstante, los planes de las comunidades autónomas e instrumentos de planeamiento urbanístico, así como sus instrumentos de desarrollo o modificativos deberán analizar las condiciones de drenaje superficial del territorio, tanto de las aguas caídas en su ámbito de actuación como las de las cuencas vertientes que le afecten. Para ello, como mínimo reflejarán en su parte informativa:

- a) El dominio público hidráulico y sus zonas de servidumbre y policía.
- b) Las zonas de riesgo de inundación conforme a los criterios establecidos en el artículo 46.

(...)

4. En las zonas inundables, el régimen de usos establecido deja de ser de aplicación cuando el planeamiento urbanístico, con el informe favorable de la Administración hidráulica, prevea la ejecución de las obras necesarias a fin de que las cotas definitivas resultantes de la urbanización cumplan con las condiciones de grado de riesgo de inundación adecuadas para la implantación de



la ordenación y usos establecidos en el indicado planeamiento. En cualquier caso, dichas obras deberán ser autorizadas expresamente por la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil O.A., y hasta el momento en que estas no estén terminadas no se podrán llevar a cabo obras de urbanización que resulten vulnerables frente a las avenidas o que supongan una reducción significativa de la capacidad de las vías de intenso desagüe.

(...).

9. *En ningún caso los planes o instrumentos de planeamiento urbanístico podrán dar lugar a un incremento significativo del riesgo de inundación en el área, término municipal donde se desarrollen o en los municipios colindantes.*

(...)

Tal e como se mencionaba anteriormente o presente plan parcial non pretende dar lugar a un incremento do risco de inundación da área.

Na zona inundable Q500 que afecta ao sector establécese, no reparto de usos pormenorizados, na súa meirande parte unha gran zona verde ZV/EL-1 que engloba tamén lagoas artificiais existentes no ámbito e vexetación circundante.

No caso do vial 2 e das edificacións que poden xurdir nas zonas industriais M1 e M2, establécese limitacións nas normas urbanísticas, que impiden a súa implantación a unha rasante inferior á cota inundable. Ademais os materiais a utilizar para a pavimentación deberán ser permeables, e permitir a filtración da auga ao subsolo, de modo que non quede selado o chan.

10. NORMATIVA SECTORIAL EN MATERIA DE CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

Segundo o artigo 13 do *Real Decreto 1367/2007 de 19 de octubre, por el que se desarrolla la Ley 37/2003, de 17 de noviembre, del Ruido, en lo referente a la zonificación acústica, objetivos de calidad y emisiones acústicas*, tódalas figuras de planeamento incluirán de forma explícita a delimitación correspondente á zonificación acústica da superficie de actuación. Doutra banda, na normativa sectorial autonómica en materia de ruído e contaminación acústica, artigo 5 do *Decreto 106/2019, del 9 de julio, sobre contaminación acústica de Galicia*, dise tamén que os instrumentos de ordenación territorial e de planeamento urbanístico, tanto en xeral como de desenvolvemento, deberán incorporar a zonificación acústica do territorio e que a clasificación e zonificación axustarase aos tipos e criterios establecidos na normativa estatal.

Esta clasificación farase en atención ao uso predominante do solo, nos tipos que determinen as comunidades autónomas, as cales terán que prever polo menos os seguintes:

- a) Uso residencial
- b) **Uso industrial**
- c) Uso recreativo e de espectáculos
- d) Uso terciario distinto ao contemplado no caso anterior
- e) Uso sanitario, docente e cultural
- f) **Sistemas xerais de infraestruturas de transporte u outros equipamentos públicos que os reclamen.**



A zonificación das áreas acústicas, segundo a normativa, débese representar a unha escala mínima 1/5.000, neste caso, represéntase no plano de ordenación O08 a unha escala de 1:500.

11. EXECUCIÓN DO PLAN PARCIAL

11.1. DELIMITACIÓN DE POLÍGONOS E SISTEMA DE ACTUACIÓN

POLÍGONOS DE EXECUCIÓN.

Conforme co disposto no artigo 100.1 da LSG e 237 do RLSG.

“Os polígonos se configuran como os ámbitos territoriais que comportan a execución integral do planeamento, sendo delimitados polo plan que conteña a ordenación detallada, de forma que permitan o cumprimento conxunto dos deberes de xusta distribución de cargas e beneficios, de cesión e de urbanización na totalidade da súa superficie”.

No presente caso, tendo en conta que se trata dun ámbito cun único propietario cuxo obxecto final é posibilitar a implantación dun área industrial, delimitáse un único polígono que coincide coa totalidade do ámbito deste plan parcial. O polígono correspón dese cunha única etapa.

SISTEMA DE ACTUACIÓN.

Segundo establece no artigo 284.2 do RLSG:

“A determinación do sistema de actuación haberá de incluírse obligatoriamente no plan xeral. En calquera caso, o sistema de actuación poderá ser modificado nos instrumentos de planeamento que conteñan a ordenación detallada do solo urbano non consolidado e do solo urbanizable, sen prexuízo do procedemento específico disposto no seguinte artigo”.

O sistema de actuación previsto para o desenvolvemento deste solo é o de compensación, sendo a actual fase de titularidade única, facilitando o desenvolvemento do mesmo.

12. PLAN DE ETAPAS

Establécese unha única etapa de execución das obras de urbanización cuxo contido e duración detállanse a continuación:

ETAPA ÚNICA:

1. OBXECTIVO: Executaránse simultaneamente o acondicionamento dos terreos, así como as zonas verdes e as conexións coas redes de servizos.

2. ACTUACIÓNS: Executaránse nesta etapa:

- Calzada, aparcadoiro e beirarrúas dos viais do sector incluídas as redes de servizos.
- Conexións exteriores fixadas no presente plan parcial.

3. PRAZOS:



3.1. Prazo máximo para a presentación do proxecto de urbanización: 12 meses dende a aprobación definitiva do plan parcial.

3.2. Prazo máximo para a presentación do proxecto de equidistribución: 12 meses dende a aprobación definitiva do plan parcial.

3.3. Prazo máximo para a execución da obra urbanizadora: 12 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización.

3.4. Prazo máximo para edificar: 10 anos dende a finalización das obras de urbanización.

13. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS

13.1. OBXECTO. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A normativa galega en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas está constituida pola *Ley 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidad*. O CAPITULO I do TÍTULO I desta lei está adicado as disposicións sobre as condicións de accesibilidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados, o artigo 5 dispón que:

“1. As vías públicas, os parques e os demais espazos de uso público deberán ser proxectados, construídos, restaurados, mantidos, utilizados e reurbanizados de forma que resulten accesibles para todas as persoas. Para iso, os criterios básicos que se establecen nesta lei, e na súa normativa de desenvolvemento, deberán ser recollidos nos plans de desenvolvemento (plans de sectorización, plans parciais, plans especiais e estudos de detalle) ou nos plans xerais de ordenación, cando incorporen a ordenación detallada dun ámbito de desenvolvemento.”

Nos artigos seguintes establecécese a obligatoriedade de que os itinerarios, parques, xardíns e espazos libres públicos, aparcamentos, elementos de urbanización e mobiliario urbano resulten adaptados, remitindo o seu desenvolvemento regulamentario os parámetros e características que se deben cumplir en todos estos elementos que constitúen os espazos públicos urbanizados. A única indicación expresa refírese aos aparcadoiros art. 8), onde establece unha reserva de unha praza para persoas con mobilidade reducida por cada corenta prazas ou fracción.

A pesar de que na disposición final primeira da lei establecése que, no prazo de dous anos dende a entrada en vigor desta lei, a Xunta de Galicia aprobaría o desenvolvemento regulamentario e o código de accesibilidade que conteña as normas aplicables na materia, isto non se produciu e polo tanto haberá que ter en conta o determinado na disposición transitoria cuarta da Lei 10/2014 referente a normativa vixente:

“As normas sobre accesibilidade vixentes no momento da entrada en vigor desta lei manterán a súa vixencia ata a entrada en vigor do desenvolvemento normativo recollido nela, sempre que non se opoñan ao establecido nela nin na normativa básica estatal na materia.”

De acordo co anterior, as normas aplicables en materia de accesibilidade en espazos públicos urbanizados a día de hoxe, son as que se conteñen no *“Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que*



se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia”.

Doutra banda, haberá que considerar o establecido na normativa estatal para os espazos públicos urbanizados, que é a establecida na “Orde TMA/851/2021, do 23 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e a utilización dos espazos públicos urbanizados”.

No cadro que se achega no seguinte apartado xustifícanse as condicións de accesibilidade que afectan ao ámbito do presente plan parcial. A definición máis precisa dalgúns elementos corresponderá ao proxecto de urbanización do espazo viario.

13.2. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA

ELEMENTO	NORMATIVA AUTONOMICA D.35/2000 – CODIGO ACCESIBILIDAD	NORMATIVA ESTATAL O.M. TMA/851/2021	ESTUDO DE DETALLE
REDE VIARIA E ESPAZOS PÚBLICOS	ITINERARIOS PEONÍS ACCESIBLES	1.1.1. ITINERARIOS PEONÍS ADAPTADOS	ART 5 ITINERARIOS PEONÍS ACCESIBLES (I.P.A.)
		Anchura mínima libre de obstáculos = 1,80 m	≥ 1,80 m
		Altura mínima libre de paso = 2,20 m.	>2,20 m
			Non presentarán chanzos illados
			Características pavimentación s. artº 11
		Pendente máxima lonxitudinal = 10%	Pendente máxima lonxitudinal = 6%
		Pendente máxima transversal = 2%	< 2%
			Niveis de iluminación axustados ao RD 1890/2008, de 14 nov., Regulamento de eficienc. enerxética e Instalacións de iluminación exterior e as súas ITE EA-01 a EA-07
			PROX. URB.
		1.2.1.A. PAVIMENTOS	ARTº 11 PAVIMENTOS
ELEMENTOS DE URBANIZACIÓN	PAVIMENTOS	Duros anti resbalantes e sen resaltaes	Duros estables e con exixencia á resbaladiceza segundo DBA-SUA
			Inexistencia de resaltaes de altura > 4 mm
		Os cambios de pavimento deberán estar enrasados, permitíndose desnivel con canto achafranado/redondeado de alt. máx: 2 cm	A colocación asegurará a súa continuidade e a inexistencia de resaltaes de alt. > 4 mm
		1.2.1.C. REIXAS	ARTº 12 REJILLAS, TAPAS INSTALACIÓNSE ALCORQUES
	REIXAS, ALCORQUES E TAPAS DE INSTALAC.	- Ocos de dimensión menor ou igual a 2 cm. formando cuadrícula. - Se se usan reixas de barras lonxitudinais colocaránse perpendiculares ao sentido principal da marcha	- Preferentemente non invadirán o I.P.A. - Reixas e tapas de inst. enrasadas co pavimento aberturas que permitan un círculo ≤ 1,6 cm Ø. - Alcorques protexidos preferentemente con reixas, material compacto drenante non deformable ou outros materiais similares enrasados con pavimento.
		1.2.4. RAMPLAS ADAPTADAS	ARTº 14 RAMPLAS
		Anchura mínima: 1,50 m.	Anchura mínima libre de paso: 1,80 m.
